



Observatorio Virtual de Machismo Dixital

27 de xaneiro de 2022

## Programa de mañá

### O primeiro informe sobre violencias machistas dixitais do Observatorio Stop Machitroles

Síguenos en Directo 1 UVigoTV:  
<https://bit.ly/StreamingSTOPMachitroles>

*Tamén podes asistir presencialmente á sede da Deputación de Pontevedra en Vigo (Rúa Eduardo Chao, 17). Aforo limitado*



\* **Elisa García-Mingo** é profesora axudante doutora no Departamento de Socioloxía: Metodoloxía e Teoría da Universidade Complutense de Madrid. As súas liñas de investigación sitúanse na Socioloxía do Xénero, a Socioloxía da Violencia, os Estudos Culturais e a Metodoloxía da Investigación Social e actualmente é investigadora principal do proxecto financiado pola Fundación de Axuda contra a Drogadicción "Novas na manofera: Influencia das subculturas dixitais masculinistas na percepción da violencia sexual entre homes novos españois".

A Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-UVigo, a través do seu **Observatorio Stop Machitroles**, presentará o seu primeiro informe de resultados o próximo **27 de xaneiro ás 11:00h**.

A apertura do acto, correrá da conta da presidenta da Deputación de Pontevedra, **Carmela Silva**. Pola súa banda, o reitor da Universidade de Vigo, **Manuel Joaquín Reigosa Roger**, será o encargado de clausurar a presentación.

Tras a breve presentación do informe por parte de **Águeda Gómez**, directora da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo, celebrarase un debate coa experta **Elisa García-Mingo\***, no que posteriormente poderá participar o público.

Ademais de seguir o evento en liña na canle Directo 1 da UVigoTV, as persoas que o desexen poderán asistir presencialmente á **sede da Deputación de Pontevedra en Vigo** (Rúa Eduardo Chao, 17). As prazas están limitadas ata completar aforo.

27 de xaneiro e 3 de febreiro de 2022

## Programa de tarde

### Obradoiro "Autodefensa dixital feminista con perspectiva de xénero"

O xoves **27 de xaneiro** e **3 de febreiro en horario de 16 a 18h** o colectivo **Donestech\*** impartirá en formato online este obradoiro práctico para coñecer e combater as violencias machistas dixitais.

Os espazos virtuais, gobernados a través dos algoritmos propios de cada plataforma, contribúen á perpetuación das violencias e discriminación que tamén sufrimos fóra da Rede. Traballaremos sobre violencias machistas, privacidade e seguridade dixital desde unha perspectiva feminista, crítica e holística, para comprender e detectar violencias en Internet e as redes sociais. Compartiremos as estratexias individuais e colectivas de autodefensa e coidados dixitais con prácticas máis flexivas, tácticas máis seguras coas tecnoloxías e alternativas ao que nos ofrece o patriarcado das *Big Tech*.

\* **Donestech** é un colectivo que investiga e intervéen no campo das mulleres e as novas tecnoloxías. Naceu en Barcelona en 2006 e converteuse en clave para entender a investigación e acción ciberfeminista, sobre todo no mundo latino, feminista e nas contornas activistas. Desde Donestech realizáronse diversas investigacións sobre as mulleres nas tecnoloxías e foron pioneiras na investigación-acción ciberfeminista.

Inscripcións en:

<https://bit.ly/ObradoiroAutodefensaDixital>



Cátedra de Feminismos 4.0  
DEPO - UVigo

DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA

Universidade de Vigo

[catedrafeminismos.gal](http://catedrafeminismos.gal)